

## SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL

### PARTE I

#### **PROBA DE TROMBÓN**

En todas as probas de acceso a grao medio interpretaranse tres obras, sendo unha de las de memoria. As obras son orientativas e interpretaranse con acompañamento de piano, se a obra o require.

#### **Repertorio orientativo:**

Sonata nº1 de J.E Galliard.( os 5 movementos 1º e 2º de memoria.)

Andante y Allegro de Ropartz.

Teme de concours de R. Clérisse.

Poderase presentar un programa de obras diferente ó proposto nesta programación, pero deberá ser de dificultade e interés artístico similar.

### PARTE II

#### **1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL**

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental e do primeiro curso de Grao Profesional.

#### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a dúas voces en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata tres alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares e irregulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón,

a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).

- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regulares e irregulares con aplicación das equivalencias.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía, ata 5 alteracións.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

## **2.- PROBA DE ORQUESTRA/BANDA**

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos dos listados que aparecen a continuación, ou de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade. Según o curso ó que se desexe acceder, o alumnado presentará o repertorio dunha agrupación xuvenil ou sinfónica, elixindo entre Banda e Orquestra. É dicir, non ten que presentar o repertorio de dúas agrupacións, só de unha.

### ACCESO DE 2º a 4º DO GRAO PROFESIONAL

#### **BANDA (XUVENIL)**

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Pérez Seara	Banda galega
A. Waignein	Festival suite
J. Ninjs	Concerto dynamico
J. V. Pérez Planells	Fina Planells
J. Horner	The mask of zorro

### ORQUESTRA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Schubert	Marcha militar
J. Strauss	Pizzicato polka
Sullivan	The pirates of penzance
R. Schumann	Celebre reverie
E. Elgar	Chanson de nuit
Gluck	Suite-ballet (óperas)
	12-Gavotte
Telemann	Musique de table
C. Brown	Rustic dances, nº 1 "Country dance"; Nº 4 "Gypsy dance"
P. I. Tchaikowsky	The nutcracker
F. Delius	Two aquareles

### 3.- PROBA DE CONXUNTO

As probas de acceso ós distintos cursos do CONXUNTO DE VENTO METAL consistirán en:

1. - Interpretar dúas obras axeitadas ó nivel do curso ó que se accede. Se interpretará só unha das partes e sen acompañantes, é dicir, a solo.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado. Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTACIÓN
Peperl	Canzona nº 2	Quinteto de vento metal

J. S. Bach	Corais nº 1, 2, 12, 18	Quinteto de vento metal
R. Starer	Invocation	Quinteto de vento metal
Gabrielli	Canzona per sonare nº 25	Quinteto de vento metal

